



CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE AGAG E O CONCELLO DE CARBALLO CON MOTIVO DA VII EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL CARBALLO INTERPLAY

REUNIDOS

Dunha parte, D. Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI núm. 76321421-S, Alcalde do Concello de Carballo,

Doutra parte, D. Enrique Lojo Vázquez, en nome e representación de Asociación Sindical Galega de Guionistas con CIF G15591993, en adiante AGAG

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo, entidade organizadora da VII Edición do Festival Internacional de Contidos Dixitais Carballo Interplay, ten o interese de promover eventos culturais e turísticos que axuden a dinamizar o territorio.

Que AGAG mantén unha liña de traballo que mostra o seu grande interese por promover todos aqueles eventos culturais relacionados co mundo do cine e vídeo, desenvolvendo fórmulas de apoio e promoción de novos talentos na industria audiovisual.

Por iso, e constatando a vontade mutua de colaborar para favorecer o desenvolvemento da Comunicación e as Artes Audiovisuais, acordan asinar o presente Convenio de colaboración de acordo coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA

O obxectivo deste convenio é regular os criterios de colaboración entre AGAG e o Concello de Carballo para favorecer o desenvolvemento da creación audiovisual coa creación e dotación económica dunha categoría específica de premio no VII Festival Carballo Interplay.

SEGUNDA

O Concello de Carballo comprométese a establecer, dentro da competición de webseries do VII Festival Carballo Interplay, unha categoría específica chamada "Premio AGAG ao Mellor Guión", dotada con un premio económico de 200€.

TERCEIRA

AGAG comprométese a pagar o premio económico de 200€ á webserie que resulte premiada polo xurado na categoría de "Premio AGAG ao Mellor Guión" para a edición 2020 do festival, e a súa entrega no Acto de Clausura do Festival o 21 de novembro de 2020.

CUARTA

O Concello de Carballo, ou a persoa á quen designe, será o encargado de seleccionar o xurado oficial da competición de series encargado de elixir as series premiadas dentro do Festival.

QUINTA

O Concello de Carballo comprométese a incluír a AGAG como colaborador en cartelería, redes e web do Festival.

Ademais AGAG comprométese a difundir as diferentes actividades do festival aos socios e socias e nas RRSS e medios propios.

En proba de conformidade co que antecede, as partes asinan dixitalmente o presente acordo na data que figura á marxe.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

D. Evencio Ferrero Rodríguez

Alcalde de Carballo

D. Enrique Lojo Vázquez

Presidente de AGAG